



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

NUM. 01/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DATA 28 DE XANEIRO DE 2016

En Soutomaior a 28 de xaneiro de 2016, sendo as trece horas, e previa convocatoria ó efecto reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.^a M.^a Dolores Cernadas García, D.^a Cristina González Piedras, D.^a Noelia Ocampo González, D.^a Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D.^a María Menduiña Durán, D.^a M.^a Rosario Bouzón Martínez, D. Alejandro Pazos Míguez, D.^a Olalla Obelleiro Hermida e D.^a Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria, D.^a Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 12/15

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión, núm. 12/15, de data 26 de novembro de 2015.

A devandita acta é aprobada por unanimidade dos trece membros da Corporación.

2º.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCION CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Dáse lectura ó Ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Servizos e Medio Ambiente:

Polos membros da Comisión examínase a "Ordenanza reguladora da limpeza de terreos e protección contra incendios forestais do Concello de Soutomaior".

Consta no expediente informe da Secretaria-Interventora.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a "Ordenanza reguladora da limpeza de terreos e protección contra incendios forestais do Concello de Soutomaior".

2º.- Someter a información pública o devandito regulamento mediante a publicación no BOP, no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, durante un prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxerencias. De non producirse estas alegacións o Regulamento considerarase aprobado definitivamente.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

DEBATE

O Sr. Fernández Garrido di que traen ó pleno a aprobación da ordenanza da limpeza de terreos, cuxa finalidade e establecer, sobre todo, as condicións para levar adiante a limpeza das propiedades privadas en malas condicións de salubridade. As persoas responsables terán a obriga de proceder a limpeza dos terreos das fincas incluídas en solo urbano, urbanizable ou rural conforme os criterios establecidos na ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade fronte a incendios. Iso é, en resúmen, do que se trata, de ter un instrumento do que carecemos ata agora, para poder levar a cabo con máis rapidez e seguridade a orden de limpeza de fincas, que é un problema cada vez maior.

O Sr. Lourenzo Sobral di que entenden que hai unha ambigüidade que pode provocar problemas entre os veciños. Propón as seguintes enmendas: - anonimato nas denuncias; - garantir que sexa o Concello que tome a iniciativa e faga todo o que está na súa man e non se teña que chegar a que sexan os veciños. Que o Concello faga a súa función e so cando non se poida facer efectivo que sexa por denuncia do veciño.

O Sr. Alcalde di que no art. 7 xa se preveu que o fará o Concello de oficio ou a instancia de calquera interesado. En canto os prazos, o Concello ten a capacidade que ten, prefire non poñer prazos que a mellor non se poden cumprir. Anonimato, non lle parece boa idea poñelo en unha ordenanza. Cada persoa sabe como pode presentar o escrito.

O Sr. Lourenzo Sobral di que a redacción da Ordenanza é ambigua. O final a situación é: veciños pelexando entre eles e as administracións sen exercer as súas competencias. Entende que a inspección municipal chegue a onde chegue. Queren garantir que sexa o Concello quen se ocupe disto, polo que propón quitar no art.7 desde "concello... a interesados" e substituír polo texto alternativo do BNG.

VOTACIÓN

Por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar inicialmente a "Ordenanza reguladora da limpeza de terreos e protección contra incendios forestais do Concello de Soutomaior", coas modificacións suxeridas polo BNG.

2º.- Someter a información pública o devandito regulamento mediante a publicación no BOP, no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, durante un prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxerencias. De non producirse estas alegacións o Regulamento considerarase aprobado definitivamente.

3º.- DACIÓN CONTA INFORME MOROSIDADE 4º TRIMESTRE ANO 2015

Se da conta do Informe de Morosidade do 4º trimestre 2015 emitido polo Tesoureiro e Secretaria-Interventora Adxunta de data 14/10/2015, en cumprimento do disposto nos artigos 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de



modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

O Pleno do Concello se da por enterado

4º.- DACIÓN CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO 4º TRIMESTRE 2015

Se da conta do informe emitido polo Tesoureiro e a Secretaria-Interventora Adxunta, e remitido ao Ministerio de Economía e Facenda o 22/01/2016, sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 4º trimestre de 2015 e que segundo os datos extraídos do Programa Contable resulta:

4º trimestre

<i>Importe operacións pagadas</i>	<i>Ratio de operacións pagadas</i>	<i>Importe pagos pendentes</i>	<i>Ratio de operacións pendentes</i>	<i>Periodo medio de pago (PMP)</i>
1.003.517,36	-11,67	119.082,13	-29,52	-13,56

O Pleno do Concello se da por enterado

5º.- INFORMES SR. ALCALDE

a) A Corporación dáse por enterada da seguinte resolución da Alcaldía

Resolución núm. 626 de 30 de decembro de 2016

Asunto: *Prórroga do orzamento do ano 2015 para o ano 2016.*

De acordo co disposto no artigo 112.5 da Lei de bases de réxime local 7/85, o artigo 169.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e no artigo 21.1 e 2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, si ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, entenderase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior.

Estando próximo o remate do exercicio 2015, sen que nesta data o Pleno da Corporación adoptase o acordo de aprobación do orzamento municipal para o ano 2016, debe prorrogarse o orzamento actual ao vindeiro exercicio.

A prórroga do orzamento do ano 2015, afecta aos seus créditos iniciais, non afectando ás modificacións de crédito nin aos créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con créditos ou outros ingresos específicos adoptados, que exclusivamente foran a percibirse en ese exercicio.

CONSIDERANDO que no anexo de investimentos, que forma parte do orzamento deste Concello para o ano 2015, se relacionan gastos de investimento que se tiña previsto acometer nese exercicio, financiados con recursos propios, ben na súa totalidade ou ben en conxunción con achegas procedentes doutros axentes financiadores ou ben exclusivamente con



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

achegas de axentes externos, pódese concluír que unha parte dos mesmos se atopan afectados polas dúas excepcións á prorroga impostas no TRRRFL e no Real Decreto 500/90, isto é, créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados. Así mesmo, no citado anexo existen gastos de investimento que poderíamos definir como xenéricos, financiados integramente con recursos propios, polo que se considera que os mesmos non se atopan incluídos nas limitacións antes expostas.

CONSIDERANDO que poden prorrogarse os créditos iniciais para o ano 2016 excepto aqueles créditos para servizos ou programas que concluíron ou deberon concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados e non habituais.

CONSIDERANDO o informe da secretaria-interventora adxunta

Esta Alcaldía no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 21.1,s) da Lei 7/85, de bases de réxime local, e de conformidade co disposto no artigo 169.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, da Lei reguladora das facendas locais e co artigo 21 do Real decreto 500/90, de orzamentos das entidades locais, **RESOLVE:**

Primeiro.- Dende o día 1 de xaneiro de 2016 e ata a entrada en vigor do orzamento xeral para o ano 2016, prorroganse os orzamentos xerais do ano 2015, aprobados inicialmente por acordo do Pleno da Corporación o día 19 de decembro de 2014 e con publicación no BOP nº 12 da súa aprobación definitiva o día 20 de xaneiro de 2015.

Segundo.- Prorroganse os créditos iniciais do estado de gastos e de ingresos do Orzamento do Concello de Soutomaior do ano 2015 para o exercicio 2016 coos seguintes axustes:

BAIXAS NO ESTADO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Crédito inicial	Axustes Baixa	Crédito Total prorrogable
151.627	46.410,00	23.205,00	23.205,00
3321.13100	4.500,00	4.500,00	0,00
450.609	95.000,00	28.187,00	66.813
TOTAL AXUSTES GASTOS		55.892,00	90.018,00

BAIXAS NO ESTADO DE INGRESOS

Aplicación Orzamentaria	Crédito inicial	Axustes Baixa	Crédito Total prorrogado
75080	44.172,00	44.172,00	0,00
TOTAL AXUSTES INGRESOS		44.172,00	0,00

Terceiro.- O Orzamento de gastos unha vez realizados os axustes ascende a 3.398.478€ e o de ingresos a 3.410.198,00 euros

PRESUPOSTO DE GASTOS		PRESUPOSTO DE INGRESOS	
Capítulo 1	928.367,00	Capítulo 1	847.764,00
Capítulo 2	2.133.013,00	Capítulo 2	27.000,00
Capítulo 3	400,00	Capítulo 3	680.340,00
Capítulo 4	68.880,00	Capítulo 4	1.835.000,00



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

		Capítulo 5	16.094,00
Total oper. Cap. 1 ao 5	3.130.660,00		3.406.198,00
Capítulo 6	263.818,00	Capítulo 6	
Capítulo 7		Capítulo 7	0,00
Capítulo 8	4.000,00	Capítulo 8	4.000,00
Capítulo 9	0,00	Capítulo 9	
TOTAL	3.398.478,00	TOTAL	3.410.198,00

Cuarto.- O informe técnico que acompaña a Resolución do Orzamento Porrogado para o exercicio 2016 cumpre cos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, non contemplando novo endebedamento neto.

Durante a vixencia da prorroga orzamentaria, o réxime de modificacións axustarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no Real Decreto 500/90, nas bases de execución do orzamento para o ano 2015 e nas demais disposicións vixentes na materia.

Quinto.- O presente Decreto producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, de conformidade co artigo 112.5 da Lei de bases de réxime local 7/85, de 2 de abril, o artigo 169.6 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o artigo 21 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Sexto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre

b) Resolúcións: De acordo có establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, da conta, sucintamente, das resolucións adoptadas dende o 25 de novembro de 2015 ó 27 de xaneiro de 2016 (núms. 544/15 a 018/16).

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Lourenzo Sobral realiza as seguintes preguntas:

1º.- Despois dos temporais destes días, produciuse unha importante acumulación de ramaxe en varios camiños rurais de Comboa. Vai o Concello adoptar algunha medida?

Resposta Sr. Alcalde: Algún xa se limpou. Os que queden pendentes, farase en canto se poida.

2º.- Na ponte de Comboa, nun lateral, hai dende hai meses acumulados restos de poda e de madeira. Ninguén se fai cargo deles pese a que levan meses alí tirados. Vai o concello tomar algunha medida ao respecto?

A concelleira Bouzón Martínez Informa que xa se retiraron.

O Sr. Lourenzo Sobral pide que se verifique.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

3º.- Camiño en Arcade de Riba. A plantexa tamén como rogo.

Resposta Sr. Alcalde: di que o incluírán na próxima tanda de limpeza de camiños.

4º.- Continúan a recibir ducias de queixas de veciños sobre o estado dos parques infantís do concello. O mantemento do concello é nulo e chega sempre con remendos despois das denuncias dos veciños. Ten o concello pensado tomar algunha medida?

Resposta Sr. Alcalde: Di que fan un seguimento, seguro que hai cousas que se lles escapan, pero en canto son conscientes ou se lles comunica algunha cousa, a tratan de arranxar o máis rápido. Tratan de que o mantemento se leve ó día.

5º.- No pleno de organización aprobouse que as actas da Xunta de Goberno local se subisen á páxina web. Despois de solicitálo en varias ocasións, seguen sen telas a disposición dos veciños. A que se debe?.

Resposta Sr. Alcalde: Pedíuse un informe para saber si se poden publicar ou non, pola cuestión de protección de datos.

6º.- O pasado mes de novembro entrou en vigor lexislación que obriga aos concellos a ter habilitados portais de transparencia. En Soutomaior non hai nada ao respecto. Por que se está a incumplir a lei neste Concello?

Resposta do Sr. Alcalde: estase implantando unha nova plataforma "Gestiona" e nela se inclúe o portal de transparencia.

7º.- Moción dominio .gal

Resposta Sr. Alcalde: Di que falarán có informático, el cree que si.

8º.- Na pasarela do Santiago Apóstol hai numerosas deficiencias e mesmo hai un pivote roto. Vanse adoptar as medidas oportunas para solucionalo?

Resposta Sr. Alcalde: cree que a pasarela está arranxada, se cambiaron as madeiras. Se é cousa do Concello se arranxará e se non o porá en coñecemento da Xunta.

9º.- Retirada pasos de peóns das estradas.

Resposta Sr. Alcalde: espera telo arranxado antes do verán, pero non é tan fácil como tapar un bache. Di que non hai baches, en xeral, e o Sr. Lourenzo Sobral pide que conste en acta esta manifestación de Agustín.

10º.- En Soutomaior, hai illas de colectores de lixo que non dispoñen de todos os contenedores. Por que se está a producir esta situación e por que o concello non toma medidas?

Resposta do Sr. Fernández Garrido: vanse contemplar, pero non vai haber de todo en todas partes.

O Sr. Alcalde di que hai de todo en sitios con concorrencia importante. Algúns se poden mellorar.

O Sr. Lourenzo Sobral di que está falando dos sitios onde hai illas.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

11º.- Hai meses presentaron unha moción na que solicitaban que o concello de Soutomaior iniciase os trámites para acadar unha EOI no Concello. Esa moción foi aprobada por unanimidade. Na mesma indicábase que o goberno debería informar de todos os pasos que se daban ao respecto. Ata o de agora non informaron de nada. Deuse algún paso? En caso afirmativo, por que non se nos informa? En caso negativo, por que non se iniciou o trámite?.

Resposta Sr. Alcalde: tivo unha reunión có Xefe Territorial de Educación, antes de Nadal. As perspectivas que lle deron non foron moi boas. O van a facer formalmente, a través de escritos, a ver si pode estar operativo antes do próximo curso.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai matices: - pedían que se lle informara de cada paso e non se lle informou. - presentaron a Moción hai máis de 8 meses e ata agora solo fixeron unha reunión informal. Así non é de estrañar que as cousas non saian (A Sra. Obelleiro di que foi en setembro cando se presentou a moción).

12º.- Cales son as medidas concretas que se van adoptar na nacional 550. Cree o alcalde que son suficientes?

Resposta Sr. Alcalde: Di que xa se había falado, mellora lumínica, mellora de aceras. Di que á prensa non o mandaron eles, non teñen o proxecto. A petición era máis ambiciosa que o que se vai a facer.

O Sr. Lourenzo Sobral pide que conste en acta que se trata dun punto negro no Concello e que urxe tomar medidas. Roga que se poña.

13º.- Dende o BNG pediron ata en dúas ocasións que se lles dera unha copia do proxecto do instituto. O grupo de goberno negouse dende o primeiro momento a facilitarllela, primeiro alegando que non podían ter acceso a ela. Despois de os nosos concelleiros consultar a lexislación ao respecto e comprobar que ese argumento era falso, o PP di directamente que non hai rastro dese proxecto no concello. A excusa do alcalde de que se enviaron de volta os arquivos ao equipo técnico é simplemente infantil, xa que dicir que nos tempos da era dixital, hai que enviar as copias como se tratase de pergameos, non semella serio. De calquera maneira, estamos a falar dun expediente tramitado neste concello e polo tanto, a documentación ten que estar a disposición dos concelleiros. Polo tanto esiximos que o alcalde cumpra coa lei e que lles facilite a información solicitada coa maior brevidade. Vai cumprir coa lei o señor alcade ou pola contra seguirá a ocultar información e a poñer impedimentos á información dos veciños?

Resposta Sr. Alcalde: Di que devolveuse á Xunta porque é un documento que non se iba a tramitar.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.